



Concello de Vigo

ABEL LOSADA ÁLVAREZ, CONCELEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 6 de xuño de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

2.- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTOS OS LOTES 1 E 3 DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS". EXPTE. 9176/335

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 2/06/2022, que di o seguinte:

6.- Apertura económica (DECLARACIÓN DESERTOS LOTES 1 E 3)

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1 e 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1 e 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 2 de xuño de 2022, acordou excluír deste procedemento aos licitadores admitidos no lote 1, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., e ao único licitador admitido no lote 3, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L., por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/06/2022 08:52	Páxina 1 de 2
9176-335	CSV: A5A3A8-8EA7E7-24E8E5-669XY3-RKHPVP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que os dous licitadores admitidos no lote 1 e o único licitador admitido no lote 3 foron excluídos do procedemento por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas"), procede declarar desertos os dous lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar desertos os lotes 1 e 3 do procedemento aberto aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) (lotes 1 e 3) porque os licitadores admitidos excederon nas súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B ("As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas"))).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O SEGUNDO TTE. ALCALDE (RA 03/06/2022)
Francisco Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/06/2022 08:52	Páxina 2 de 2
9176-335	CSV: A5A3A8-8EA7E7-24E8E5-669XY3-RKHPVP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		